

Luz, sombra, palabras

Poesía Eva Veiga enche coas verbas do dó e da memoria o non lugar deixado pola morte da nai

**A frecha azul
do teixo ·**

Eva Veiga ·

Espiral Maior, 2010 ·

136 páx · 15 euros



A perda dun ser querido é unha experiencia dolorosa que todas e todos temos que afrontar nalgún momento. A perda da nai, punto de partida deste poemario, implica ademais a desaparición da persoa que nos deu a luz, a vida; supón a súa partida irremediábel alén do noso alcance. O eu poético que Eva Veiga tece nesta obra revisita lugares e cordas tensadas moitas veces na poesía da autora, e faino desta volta desde unha pregunta que xera gran dor e ansiedade: como se constrúe o non-lugar que deixa a perda dese ser amado?

Coma nuns versos do poeta angolano Ondjaki: “des-ser-me; / reatribuir-me a átomo” é o que quixera a filla, entender o que é esa nada que

enguliu á nai, pero non se pode coñecer ese non-lugar porque “Como entrar sen antes perecer?” (p. 105). Así, ante a imposibilidade de empaticar coa persoa que morre só pode facelo cos que a sobreviven, coma no poema ao pai (“asexo os teus acenos”, p. 77) ou nese primeiro Nadal de ausencia compartida no que “cadaquén tece na súa alma unha arañeira” (p. 65). Decide procurar entón unha canle de comunicación e a súa mensaxe acaba transformándose en flores e palabras, porque vai comprendendo pouco a pouco “a certeza de que todo / pode chegar / a non ser” (p. 54). Lezama Lima, Cernuda, Yalal Ad-Din Rumi, René Char ou Clarice Lispector tenden versos de comprensión desde os paratextos da obra a ese eu poético que primeiro asimila a morte, logo intenta reubicarse nos espazos da ausencia e finalmente comeza a construír a memoria da nai. O prólogo de Teresa Seara, pola súa parte, percorre o poemario ilustrando as distintas fases do que os psiquiatras chaman a elaboración do dó.

Nas obras de Eva Veiga son lugares recorrentes a natureza, o río, o mar, a consciencia extrema da vida (agudizada aquí pola ruptura do vínculo primixenio coa nai), a fugacidade do tempo, e a palabra como recomposición dunha orde no caos da vida e da materia. Afóndase así mesmo neste libro no simbolismo que lle é habitual cando se nos amosa que a vida é un segmento de luz entre dúas zonas de sombra, zonas nas que a luz se filtra en ocasións en forma de magnolio que nace da terra que acolle o corpo sen vida ou en forma de lembranza. Pero talvez o máis destacable do mundo propio deste poemario sexa a elaboración da presenza/ausencia do ser amado a partir das sensacións, dos olores compartidos, do tacto dunhas mans... un cúmulo de sensorialidade que culmina maxistralmente nunha aparente fusión de perspectivas. Así, cando se le “terra ansiosa / que nos meus oídos medras” (49) ou “baixo a terra / fundirse a noite” (45), a vaguidade da focalización permite unha disolución da



Moza con cesto // Juan Muñoz

perspectiva que facilita identificala potencialmente cos dous suxeitos poéticos, o eu e o ti.

En definitiva, n’A frecha azul do teixo unha voz poética guíanos desde a estrañeza e a hostilidade súbitas do cotián tras a desaparición da nai ata as arañeiras dos que a sobreviven, e

amósanos a elaboración do único non-lugar posible tras a perda: a pegada que ese ser deixa no mundo, a referencialidade do ausente, a memoria feita palabra. Versionando un verso de Marta Dacosta: somos de luz, de sombra e de palabras.

// Lorena Domínguez Mallo